

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2014



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
RECURSOS HUMÁNS	4
XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN	5
PROGRESIÓN DE INGRESOS	6
PERFIL DE USUARIOS	7
ANÁLISE DE BAIXAS	8
PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES	9
ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS	11
XESTIÓN DO TRANSPORTE	19
MANUTENCIÓN	20

INTRODUCCIÓN

AMORALIA Centro de Día atópase no Concello de Tui, nunha zona tranquila pero ben comunicada. Trátase dun edificio de recente construción ideado para dar facilidades aos nosos usuarios/as e conseguindo un ambiente acoledor, moderno, de fácil acceso e gran habitabilidade.

O centro ten autorización para unha capacidade de 58 persoas prestando atención diúrna de luns a venres en horario de 08:30 a 19:30. Ofrécese atención personalizada ás capacidades, necesidades e intereses dos nosos usuarios/as e das súas familias a través de servicios especializados, co compromiso permanente de acadar os máximos niveis de calidade.



En AMORALIA Centro de Día proporciónanse un amplo abano de actividades e servizos para conseguir que os nosos usuarios/as manteñan e/ou melloren o seu grado de autonomía, tanto a nivel cognitivo como físico. Entre eles podemos citar:

Atención Rehabilitadora

- Atención persoal e coidados xeriátricos
- Terapia ocupacional
- Ximnasia xerontolóxica
- Rehabilitación das ABVD e das AIVD.

Atención Psicosocial

- Atención psicolóxica
- Animación
- Ocio

Servizos complementarios

- Podoloxía
- Perruquería
- Comedor
- Transportes adaptados...

RECURSOS HUMANOS



CAMINO COGOLLUDO, ROSA

DIRECTORA/PSICÓLOGA



BELLO GÓMEZ, SILVIA

TERAPEUTA OCUPACIONAL



GÓMEZ ESTÉVEZ, ROCÍO

AUXILIAR DE XERIATRÍA




ÁLVAREZ VILA, PILAR

AUXILIAR DE XERIATRÍA

XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

SOLICITUDE DE INFORMACIÓN



MES	Nº DE SOLICITUDES INFORMACIÓN	Nº DE SOLICITUDES CONVERTIDAS EN INGRESOS
XANEIRO	9	5
FEBREIRO	9	4
MARZO	6	3
ABRIL	6	2
MAIO	3	1
XUÑO	1	0
XULLO	2	1
AGOSTO	3	0
SETEMBRO	5	2
OUTUBRO	4	1
NOVEMBRO	8	2
DECEMBRO	6	1

PROGRESIÓN DE INGRESOS

MES	Nº USUARIOS/AS	Nº INGRESOS	Nº BAIXAS	Nº XORNADAS CON COMIDA	Nº XORNADAS PARCIAIS
XANEIRO	19	2	2	3	16
FEBREIRO	19	4	2	3	16
MARZO	21	2	1	4	17
ABRIL	19	1	2	3	16
MAIO	20	1	0	4	16
XUÑO	21	4	3	4	17
XULLO	22	1	0	4	18
AGOSTO	21	1	1	4	17
SETEMBRO	23	1	0	5	18
OUTUBRO	23	1	1	4	19
NOVEMBRO	26	3	1	4	22
DECEMBRO	25	1	2	3	22

PERFIL DE USUARIOS

Na seguinte táboa especificácase o número de usuarios por sexo, tendo en conta tódalas persoas que foron usuarios/as no 2014, polo que se inclúen aquelas que xa foron baixa.


Nº DE USUARIOS MULLERES

23

Nº DE USUARIOS HOMES

16

**HOMES
41%**



**MULLERES
59%**

ANÁLISE DE BAIXAS

Cabe destacar que non tivemos ningunha baixa por desconformidade co servizo. Practicamente a metade foron por cambio de recurso.

FALECIMENTO	4
EMPEORAMENTO DA SÚA SAÚDE	1
CAMBIO DE RECURSO	7
NON ADAPTACIÓN AO CENTRO	-
TRASLADO DE DOMICILIO	-
INSATISFACCIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO	-
MELLORÍA DA SÚA SAÚDE	2
OUTRAS (INDICAR)	1



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE MAÑÁ

A primeira actividade da mañá é a Orientación á Realidade mediante un conxunto de técnicas (lectura de periódico, visión das noticias, traballo co calendario, festividade de cada día, etc.) coas cales a persoa toma conciencia da súa situación no tempo (orientación temporal), no espazo (orientación espacial) e respecto á su propia persoa (orientación persoal).

Logo ven o taller de Estimulación Cognitiva, no cal se traballa a través dun caderno de actividades individualizado, acorde ó deterioro cognitivo de cada persoa. Este inclúe actividades de cálculo, lectoescritura, atención, memoria, etc.

Posteriormente ten lugar a xerontoximnasia coa finalidade de manter ou mellorar as funcións motoras das persoas usuarias.

A última hora da mañá, desenvólvense actividades de psicomotricidade fina e grosa e de ocio, como por exemplo, xogos de mesa, xogos populares...

ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE TARDE

Nas tardes mantense a rutina de actividades da mañá.

A primeira hora realízanse tarefas relacionadas coa estimulación cognitiva e despois teñen lugar a xerontoximnasia e outras actividades dentro dun marco máis distendido relacionadas coa psicomotricidades e co ocio como son os xogos cooperativos, cineforum, etc.

TAMÉN SE REALIZAN OUTRAS ACTIVIDADES TANTO EN QUENDA DE MAÑÁ COMO DE TARDE, COMO PODEN SER O BINGO, AS MANUALIDADES, TAREFAS MANIPULATIVAS, ETC. CO FIN DE QUE AS PERSOAS QUE VEÑEN A MEDIA XORNADA POIDAN GOZAR DE TODAS ELAS.



PROGRAMACIÓN DE TEMPADA

No centro de día Amoralia leváronse a cabo diferentes actividades en función da época estival. A finalidade destas actividades é a orientación temporal das persoas usuarias, o traballo da psicomotricidade mediante a realización da decoración e fomentar a interacción dos usuarios coa participación en actividades grupais de ocio.



MARZO

Decoración primaveral do centro de día (con distintos tipos de flores elaborados polos usuarios).



XUÑO

Elaboración da decoración de verán (con xeados, peixes, soles, etc), e celebración de distintas festividades como San Xoán e o Santiago Apóstolo.



SETEMBRO

Elaboración e realización de talleres específicos de elementos que aluden ó Outono (follas, piñas, etc.).



OUTUBRO

Continuación da decoración de outono e a específica de Samaín, con festa desta última e magosto.



DECEMBRO

Elaboración de adornos invernaís, posta da árbore de Nadal, preparación de panxoliñas, decoración do centro de día con temática de Nadal, elaboración de agasallos e postais, etc. con celebración das festas de Noiteboa e Fin de Ano.

ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

ENTROIDO (28/02/2014)

Para o Entroido elaboramos un disfrace de fresa para cada un de nos. Nesta celebración puxémonolo, pintámonos as caras e gozamos dunha tarde de baile e merenda de doces típicos da época (orellas, filloas, rosquillas, etc.).



LETRAS GALEGAS (16/05/2014)

Con motivo desta festividade, elaboramos uns marcapáxinas. Tamén fixemos mención da vida e obra de Xosé Naría Díaz Castro.



ENCONTRO COS NENOS DA ESCOLA INFANTIL "LA CAMELIA" (23/05/2014)

Os nenos da escola infantil "La Camelia" viñeron a visitarnos unha mañá e unha tarde. Realizamos unha actividade conxunta de manualidades, deixando plasmadas as mans dos pequenos e dos nosos usuarios nunha cartolina. Eles déronlle un detalle a cada un dos nosos usuarios e viceversa. Ademais gozamos dunha merenda todos xuntos.

SAN XOÁN (26/06/2014)

Nesta festividade os usuarios trouxeron das súas casas distintas herbas de San Xoán que recolleron. Todos xuntos falamos das propiedades de cada unha delas, do uso que se lles da, etc. Segundo a tradición, metéronas en auga e deixámolas ó orballo na noite de San Xoán. O día seguinte lavamos as mans e a cara con esa auga "milagreira".

SANTIAGO APÓSTOLO (24/09/2014)

Nesta data elaboraron un "Colar do peregrino", adornándoo cada un ó seu gusto. Ademais cantaron distintas cancións tradicionais galegas.



I ANIVERSARIO DO CENTRO DE DÍA (26/09/2014)

No aniversario da nosa apertura aproveitamos para ensinarlles as fotos de distintos momentos vividos. Logo tivemos música, unha merenda especial e un bingo con grandes premios. Ademais levaron un marco de fotos elaborado por eles mesmos cunha foto significativa.

O SAMAÍN (31/10/2014)

Nesta festa realizamos a decoración do centro de día con pantasma feitas con panos de papel e telas de araña con bolsas de lixo. A merenda foi temática, con froita presentada en forma de cabaza e pantasma. Logo xogamos un bingo especial de Samaín, con premios de doces propios desta festa.



O MAGOSTO (14/10/2014)

Con motivo do magosto, as persoas usuarias recolleron castañas, trouxéronas e peláronas. Fixose un bingo con premios especiais e unha castañada.

FESTA NOITEBOA (23/12/2014)

Na festa de Noiteboa cantamos panxoliñas e gozamos dunha merenda típica (turrón, polvoróns, etc). Ademais levaron para a casa unha postal de Nadal e un adorno para a árbore elaborados por eles. Tamén xogaron un bingo no que os premios eta produtos de Nadal.

FESTA FIN DE ANO (30/12/2014)

A festa de fin de ano constou de panxoliñas, bingo de Nadal e uvas coas badaladas.



PERIODICAMENTE

ANIVERSARIOS

Festexáronse os aniversarios de tódalas persoas usuarias, cunha merenda especial, velas, música, etc.

XOGOS POPULARES

A elección dos xogos basouse en buscar aqueles que fosen coñecidos por tódolos maiores e que estén adaptados ás características dos participantes en canto a mobilidade e nivel de dificultade.

Os xogos son un medio co que integramos, estimulamos e motivamos ás persoas maiores a realizar actividades que lles axudan a nivel cognitivo e físico e que resultan especialmente atractivas polo seu carácter lúdico.

Aproveitáronse os días de bo tempo para realízalos no exterior.

Entre eles destacan a petanca, bolos...



XESTIÓN DO TRANSPORTE

NÚMERO DE RUTAS Ó
DÍA A 31.12.14

LUNS, MÉRCORES E VENRES: 5
rutas pola mañá e 3 pola tarde.
MARTES E XOVES: 4 rutas pola
mañá e 2 pala tarde.

NÚMERO DE USUARIOS CON
TRANSPORTE A 31.12.14
11

NÚMERO DE VEHÍCULOS Ó
DÍA A 31.12.14
1

MANUTENCIÓN

MODO DE XESTIÓN DO XANTAR

NÚMERO DE USUARIOS DO
CATERING A 31.12.14

2

GRACIAS.

CALLE VIRGEN DEL CAMINO, 6 (REBORDANES)
36700 TUI, PONTEVEDRA
986 60 51 52